

a porta verde do sétimo andar

Entrega do Pedrón de Ouro 2009 a Mini e Mero.



Para os que temos matria, na aldea onde nacemos e na lingua que herdamos, para os que nos chamamos Balbino e fomos exiliados de nós mesmos nas infancias de desterro e desleixo, as verbas , a palabra de Mini e Mero, onte na entrega do Pedrón de Ouro 2009, fixomos tremer de emoción contida. Eles que con Fuxan os Ventos nos despertaron dun sono, manteñen case corenta anos despois a mesma fertilidade, a ilusión de ir sementando o País gran a gran para que as chairas sigan a florecer. Grazas amigos, aínda que sexan malos tempos, seguíde, loguiño de clarexar..... desenfaremos xuntos o pan para sempre compartilo.

Obrigados tamén con Mariana Ploae-Hanganu que recibiu o Pedrón de honra, por saber tecer un fermoso fío entre Rumanía, Galicia e Portugal a través da linguas, que non son fronteira senón irmandade.

Luís Viñas